

NOTA DE PRENSA

ALUCEM continúa este 2026 cos seus servizos para persoas con Esclerose Múltiple grazas á ‘X Solidaria’



Programa de atención integral en Esclerose Múltiple. ALUCEM

- Grazas ao cofinanciamento da **Xunta de Galicia a través dos fondos do 0,7% do IRPF**, xestionados a través da **Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)**, ALUCEM ten en marcha este 2026 un **programa de atención integral en Esclerose Múltiple (EM)**.
- Esta subvención permite á Asociación Lucense de Esclerose Múltiple (ALUCEM) contar con **4 profesionais para este servizo**.
- ALUCEM, membro de FEGADEM, tamén fará **mantemento do centro de rehabilitación para persoas con EM** grazas a esta axuda.

Lugo | 13/3/2026

A **Asociación Lucense de Esclerose Múltiple (ALUCEM)** é unha das entidades membro da Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM). Este 2026 continuará ofrecendo o seu **programa de atención integral en Esclerose Múltiple**, co fin de cubrir as necesidades de psicoloxía, fisioterapia e traballo social de **40 persoas usuarias** dunha forma integral, ademais de proporcionarlles alternativas de lecer e tempo libre adaptadas.

A través deste programa, **ALUCEM** organizará actividades psicosociais, de fisioterapia, xestión interna e de rehabilitación, ademais da creación dun espazo dixitalizado. Tamén realizará accións de sensibilización coas que beneficiará a **70 persoas**. Para isto, a asociación contará con **4 profesionais**: un traballador social, unha fisioterapeuta, unha psicóloga e un técnico de comunicación.

Ademais, ALUCEM fará **mantemento do seu centro de rehabilitación para persoas con EM**, adecuando un espazo que permita á asociación aumentar a súa oferta de servizos mediante a climatización do seu local para evitar o malgasto enerxético. Con esta acción, **beneficiarase a 80 persoas con EM, Párkinson, ELA e outras enfermidades neurodexenerativas afíns**.



*Mantemento do centro de rehabilitación para persoas con
EM. ALUCEM*

Estes programas poderán levarse a cabo grazas ao cofinanciamento da Xunta de Galicia a través dos fondos do **0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)**, procedentes das persoas que marcan a o cadro de 'Actividades de interese xeral consideradas de interese social' na declaración da renda. Destes programas **beneficiaranse as persoas con EM** asociadas da área de Lugo e a súa contorna.

ESCLEROSE MÚLTIPLE

A Esclerose Múltiple afecta en España a preto de **60.000 persoas**, constituíndose como unha das enfermidades máis comúns do Sistema Nervioso Central (SNC). Galicia é unha das áreas peninsulares coa prevalencia máis alta, existindo na actualidade unhas 4.500 persoas diagnosticadas. É unha enfermidade crónica, autoinmune, desmielinizante, neurodexenerativa e progresiva do SNC.

Os síntomas temperáns máis habituais son a fatiga, problemas de visión, formigueos, entumecementos, vertixes e mareos, debilidade muscular, espasmos e problemas de equilibrio e coordinación. Moitas manifestacións da enfermidade son invisibles, pero afectan ao día a día de quen convive con ela, como os trastornos motores, cognitivos e da agudeza visual, acompañados doutras alteracións coma a ansiedade ou a depresión. Na web da Federación

recóllese información máis detallada sobre esta enfermidade, novidades, tratamentos, síntomas e outros conceptos relacionados.

QUE É ALUCEM

A Asociación Lucense de Esclerose Múltiple (ALUCEM) naceu no ano 1996 para mellorar a vida das persoas con Esclerose Múltiple e as familias. Presta servizos de fisioterapia, psicoloxía social e traballo social, ademais de financiar outros servizos privados ás súas persoas socias na provincia de Lugo. ALUCEM forma parte das seguintes entidades: FEGADEM (Federación Galega de Esclerose Múltiple), AEDEM (Asociación Española de Esclerosis Múltiple) e COGAMI-COCEMFE (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade).

Para máis información, contactar con:

Natalia Fernández Sánchez (Departamento de Comunicación de FEGADEM)

comunicacion@esclerosismultiplegalicia.org

604 035 684